

ESTREA EN NUMAX: 03.02.2017 | V.O.S.E. | +16

Split (2015, 117')

Dirección: M. Night Shyamalan

Guión: M. Night Shyamalan

Elenco: James McAvoy, Anya Taylor Joy, Betty Buckley, Brad William Henke, Haley Lu Richardson, Sterling K. Brown, Kim Director, Sebastian Arcelus, Lyne Renee, Neal Huff

Son: Skip Lievsay

Música: James Newton Howard

Montaxe: Luke Franco Ciarrocchi

Fotografía: Michael Gioulakis

Produtora: Blumhouse Productions, Blinding Edge Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

La visita, 2015

La joven del agua, 2006

El Bosque, 2004

Señales, 2002

El Protegido, 2000

El Sexto Sentido, 1999

SINOPSE

Debido a un trauma infantil, Kevin sofre trastorno de identidade dissociativo (DID). Dentro del conviven 23 identidades diferentes. Para facer fronte á esquizofrenia Kevin recibe a axuda da doutora Fletcher (Betty Buckley), unha psiquiatra que dedicou a súa vida á defensa das persoas con DID.

«O que fai especial este traballo é a súa forma, en constante liza cos desexos do espectador, atraídos sempre por un fóra de campo cargado de incertidume»

Jordi Costa, EL PAÍS



MÚLTIPLE

[M. Night Shyamalan, 2016]

“Estades vendo un drama disfrazado de filme de xénero”

Chris Hewitt
Empireonline.com

En Split destaca a fantástica interpretación central de James Mcavoy. Cuando o descubriu para este papel?

Nunca coincidín con James. Sabía dalgúns dos seus papeis máis coñecidos, e era un gran admirador da súa elegancia. Tamén parecía ser este home importante que só quere actuar. Había unha humildade nel. Sabía que estivera moito enriba do escenario. Iso era importante para min, que viñese do teatro. Cando buscaba homes para este papel, había unha lista pequena. Quen pode facer de neno? Quen pode facer de muller? Quen pode facer un traballo físico?

Gústalle os desafíos como actor. Penso que é un actor moi ousado. Cando chegan a ese nivel de actuación, eu entendo aos actores que queren interpretar biopics. Queren iso, queren ser perigosos pero queren unha capa de protección que é «estaba actuando como un tolo porque facía de tolo». Pero outra cousa é cando tes que facer un filme orixinal. Sobre todo no medio da túa carreira. Sempre vas atopar alguén que anda buscando iso, ou un biopic ao estilo de *El lobo de Wall Street*. (Martín Scorsese, 2017). Pero James fixo este personaxe que eu construí. Non estou certo de se outros ao seu mesmo nivel de actuación terían sido igual de ousados. Non ten interruptor para o medo.

Estás preparado para a controversia arredor do DID (trastorno de identidade disociativo)? Que va, teño proxectado o filme para unhas 20.000 persoas e ninguén dixo nada. Á xente que o viu pareceulle ben. Xente que vides ver os meus filmes: estades vendo un drama disfrazado de filme de xénero. Agardo que o público se estea a decatarse. Fago dramas, xente. Xa sei que o final é fantástico, pero todo o mundo quere un chisco de sorpresa e contradición. A xente gozou da forma na que estaba previsto, e iso alédame moito.

O trastorno de personalidade múltiple, tal e como se presenta no filme, en que medida se basea na realidade e canto é ficción? O que chama a atención é a controversia que hai arredor do propio trastorno. Moitas persoas expertas no campo non saben se podería darse o que se amosa no filme. Eu creo que é posíbel, ao cen por cen. É interesante saber que é o que se preguntan os expertos. Canto disto é

real? Canto do que contas podería chegar a probarse?

Estamos nun mundo post-real. Certo. Pero todo foi documentado en casos reais. Unha persoa que estaba cega que cunha das súas identidades podía ver. Unha identidade que padecía diabete pero non as outras. Outra que tiña o colesterol alto e outra non, unha alérxica ás picaduras de abellas, o resto non. A química do teu corpo vese moi afectada pola túa mente. Iso sábese. Pero aínda non o abordamos de forma seria. Sabemos que podemos autoprovocarnos unha úlcera. Sabemos que podemos aumentar a presión sanguínea. Provocarnos urticarias. Se podemos facer iso, que outras cousas pode facer a nosa mente? Sabemos que o efecto placebo existe. Tiña moita gana de facer un filme arredor do efecto placebo, pasamos por riba disto, pero aceptamos o efecto placebo? Sabemos que unha pequena porcentaxe de nós mesmos pode curarnos se pensamos que en nós está a solución, pero é azucre ou non? As túas células sandan! Cambias as túas células. É incríbel.

“Só dúas das 23 personalidades son perversas”

Juan Luis Sánchez
decine21.com

Recupera o tema do terapeuta presente en *El sexto sentido* (1999), que aquí é unha muller. Quería falar de novo de comunicación, un dos seus temas favoritos? Efectivamente. Podería falar de terapias en moitos filmes. Cada vez que penso en novas ideas sae este tema, porque é fascinante. De feito, a veces evítooo para non repetirme.

Pensa que alguén pode sentirse ofendido porque o malo do filme sofre unha patoloxía e vostede puido banalizar o problema? Non, porque espero ter presentado a parte terapeuta dun xeito profesional. Ademais é un tema do que non se fala habitualmente, así que creo que ao contrario, o que sucederá é que agradecerán o filme. O personaxe que sofre unha patoloxía non é exactamente o malo. Ten 23 personalidades, e só dúas, como moito tres, son perversas. O resto son fantásticas.

Tradución: Olalla Cociña

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME